

1. Identificación da programación
Centro educativo

Código	Centro	Concello	Ano académico
36019463	Johan Carballeira	Bueu	2023/2024

Ciclo formativo

Código da familia profesional	Familia profesional	Código do ciclo formativo	Ciclo formativo	Grao	Réxime
IMP	Imaxe persoal	CMIMP02	Peiteado e cosmética capilar	Ciclos formativos de grao medio	Réxime xeral-ordinario

Módulo profesional e unidades formativas de menor duración (*)

Código MP/UF	Nome	Curso	Sesións semanais	Horas anuais	Sesións anuais
MP0846	Cambios de forma permanente do cabelo	2023/2024	5	87	104

(*) No caso de que o módulo profesional estea organizado en unidades formativas de menor duración

Profesorado responsable

Profesorado asignado ao módulo	JULIA CABALEIRO VILLAR
Outro profesorado	

Estado: Pendente de supervisión inspector

2. Concreción do currículo en relación coa súa adecuación ás características do ámbito produtivo

O I.E.S Johan Carballeira sitúase nun área de influencia que abranque a zona do Morrazo, Cangas e Bueu. Isto facilita o acceso a un amplo grupo de empresas cun sector produtivo bastante activo que permite unha alta inserción laboral do alumnado. Estas empresas manteñen relacións co centro a través da F.C.T , o que permite coñecer as súas necesidades e adaptar o currículo a estas.

Esta programación adáptase polo tanto, para poder atender as necesidades do sector produtivo.

Este módulo profesional contén a formación de soporte necesaria para desempeñar as funcións dun bo profesional en cambios de forma permanente, pertencente ao ciclo formativo de Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar de grao medio. Este ciclo formativo proporciona unha formación básica profesional e de madurez persoal, que facilita a incorporación ao mercado laboral ou a continuidade de estudos a través dos ciclos formativos de Grao Superior. A duración é de dous cursos académicos, desenvolvéndose a totalidade do módulo no propio centro I.E.S.Johan Carballeira. Como se dan variedade de situacións do contexto socio - laboral, para cada alumno como para cada lugar de procedencia deles, planificouse esta programación adaptándoa á realidade da zona, tipo de alumnos, situación do centro escolar, entorno social, etc.

A figura de Técnico en Peiteado, exerce a súa actividade profesional dentro do subsector de "servicios persoais" e máis

concretamente na actividade de Perruquería, desenvolvendo os procesos de prestación de servicios, de asesoramento e atención permanente ó cliente en:

- _ Salóns de beleza.
- _ Departamentos de beleza de empresa dedicada ó tratamento da imaxe persoal integral.
- _ Equipos técnicos dependentes de laboratorios e casas comerciais que desenvolven a súa actividade no ámbito da estética, como probadores, demostradores e vendedores.
- _ Hospitais, centros xeriátricos e empresas de servicios fúnebres.
- _ Clínicas de medicina estética.
- _ Departamento de estética das TV.
- _ Estudios de gravacións.
- _ Estudios de fotografía e video.
- _ Escolas de modelos profesionais, pasarelas de moda, ...
- _ Escolas de asesoría de imaxe.

Este módulo desenvólvese no ano académico 2022/2023 , no I.E.S. Johan Carballeira, de Bueu, concello da provincia de Pontevedra. No centro impartense dous ciclos da familia Imaxe Persoal en réxime ordinario: Estética e beleza, Técnico en Peiteado e Cosmética Capilar e fp básica de Peiteado e estético.

Tamén conviven outras Familias profesionais : Administrativo, Soldadura.e outras ensinanzas como son a E.S.O. a E.S.A. os Bacharelatos en todas as súas modalidades, en horario nocturno e diurno.

Os alumnos de ensinanza obligatoria acuden ao centro no transporte escolar. Non existe servizo de comedor aínda co bar permanece aberto para servir comidas nos días lectivos. O alumnado do módulo é maioritariamente feminino. A súa procedencia é rural xeralmente do municipio ou municipios limítrofes, desprázanse ó centro tanto en transporte público como particular. O nivel sociocultural e o nivel socioeconómico familiar é variado. Respecto ao nivel académico, son alumnos procedentes da ESO ou ESA, da Formación Básica de Peiteado e Estética, e tamén dalgún outro ciclo, como o de Estética e Beleza. Este módulo, relaciónase directamente con outros módulos do ciclo, como por exemplo: Estética de mans e pés, peiteados e recollidos, coloración capilar, técnicas de corte no cabelo, cambios de forma permanente do cabelo.

--

3. Relación de unidades didácticas que a integran, que contribuirán ao desenvolvemento do módulo profesional, xunto coa secuencia e o tempo asignado para o desenvolvemento de cada unha

U.D.	Título	Descrición	Duración (sesións)	Peso (%)
1	Preparación da area de traballo	Preparación de útiles, cosméticos, materiais	10	15
2	Métodos de cambio de forma permanente do cabelo	Analizarase o proceso e o seu desenvolvemento	6	10
3	Personalización do proceso	Análise do cabelo, coiro cabeludo e demandas formuladas	8	10
4	Aplicación de protocolos nos procesos de ondulación permanente	Desenrolo das fases da ondulación permanente	50	30
5	Aplicación de protocolos de alisamento permanente	Desenrolo das fases do alisado permanente	25	30
6	Control de calidade nos procesos de cambio de forma permanente	Análise dos parámetros que definen a calidade nos procesos de cambio de forma permanente	5	5

4. Por cada unidade didáctica
4.1.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
1	Preparación da area de traballo	10

4.1.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA3 - Prepara o espazo de traballo e xustifica o procedemento.	SI

4.1.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA3.1 Acondiciónáronse as instalacións en óptimas condicións de seguridade e hixiene, aplicando os métodos de limpeza, desinfección e/ou esterilización necesarios.
CA3.2 Identifícaronse as normas de comportamento fronte a clientes, compañeiros e compañeiras de traballo, e superiores.
CA3.3 Valorouse a importancia do traballo en equipo para lograr a eficiencia empresarial.
CA3.4 Especificáronse os aspectos básicos da imaxe do persoal profesional.
CA3.5 Determináronse as medidas adecuadas para actuar en caso de riscos imprevistos.
CA3.6 Estudáronse as medidas de protección e seguridade do persoal profesional e a persoa usuaria.
CA3.7 Identifícaronse as posturas corporais adecuadas para previr lesións óseas, circulatorias e musculares.
CA3.8 Caracterizáronse as ferramentas e os utensilios necesarios para o proceso.
CA3.9 Aplicáronse protocolos de hixiene e mantemento de lenzaría e ferramentas.
CA3.10 Seleccionáronse os moldes en función das características do cabelo e o resultado desexado.
CA3.11 Seleccionáronse os cosméticos adecuados para o cambio de forma permanente.
CA3.12 Manipuláronse e conserváronse os produtos químicos e cosméticos en condicións de seguridade e hixiene.
CA3.13 Refugáronse materiais e produtos non adecuados, caducados ou en mal estado, xestionando convenientemente a súa eliminación.

4.1.e) Contidos

Contidos
Espazo de traballo e equipamento: organización, hixiene e mantemento.
Preparación do persoal profesional. Medidas para a súa protección e a da clientela: hixiene postural e ergonomía.

Contidos
Prevenção de accidentes e reaccións adversas.
Actitudes e aptitudes profesionais.
Deontoloxía profesional.
Criterios de selección de utensilios. Tipos de moldes e características: mantemento e limpeza.
Criterios de selección de aparellos emisores de calor húmida (vaporal, etc.) e calor seca (infravermellos e aire): mantemento e limpeza.
Lenzaría e ferramentas: clasificación e descrición; mantemento e limpeza.
Cosméticos: criterios de selección, pautas para a preparación, manipulación, aplicación e conservación dos cosméticos.

4.2.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
2	Métodos de cambio de forma permanente do cabelo	6

4.2.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA1 - Caracteriza os métodos de cambios de forma permanente do cabelo, analizando o desenvolvemento do proceso.	SI

4.2.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA1.1 Identificáronse as fases dos cambios de forma permanente do cabelo.
CA1.2 Descríbóronse os mecanismos de acción dos produtos redutores e neutralizantes.
CA1.3 Comparáronse os procedementos de ondulación permanente ao longo da historia cos actuais.
CA1.4 Recoñecéronse os efectos dos cambios de forma permanente no cabelo.

Criterios de avaliación
CA1.5 Diferenciáronse os métodos de realización en función do enrolamento, o molde e os cosméticos.
CA1.6 Xustificáronse as vantaxes e os inconvenientes dos métodos de realización.
CA1.7 Determináronse os criterios de selección do método.
CA1.8 Establecéronse as contraindicacións da aplicación.

4.2.e) Contidos

Contidos
Transformacións de cabelo mediante procedementos fisicoquímicos: descrición e características; orixe e evolución. Cosméticos redutores e neutralizantes: mecanismo de acción, indicacións e incompatibilidades. Efectos físicos e químicos dos cambios de forma permanente no cabelo. Métodos de realización de cambios de forma permanente: vantaxes e inconvenientes; criterios de selección; contraindicacións das técnicas.

4.3.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
3	Personalización do proceso	8

4.3.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA2 - Personaliza o procedemento, para o que interpreta a análise capilar e as demandas formuladas.	SI

4.3.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA2.1 Identifícanse as demandas da persoa usuaria.
CA2.2 Especificáronse as características físicas e químicas do cabelo con repercusión nestas técnicas.
CA2.3 Recoñeceuse a influencia doutros procesos de peiteado (coloración, descoloración, etc.) na selección da técnica.
CA2.4 Identifícanse as alteracións do coiro cabeludo e do cabelo.
CA2.5 Rexistráronse os datos máis salientables na ficha técnica.
CA2.6 Deseñáronse procedementos de traballo personalizados.
CA2.7 Xustificouse a proposta estética interpretando a demanda e a análise.

4.3.e) Contidos

Contidos
Técnicas para detectar as demandas, as necesidades e as expectativas da persoa usuaria: instrumentos e fases.
Parámetros físicos e químicos do cabelo con repercusión nos cambios de forma permanente: aplicación dos métodos de observación.
Identificación de alteracións do cabelo e no coiro cabeludo con repercusión nos cambios de forma permanente.
Influencia das técnicas de peiteado sobre o cambio de forma (tinción, descoloración, tratamentos cosméticos, técnica de corte, permanente, etc.).
Elaboración e formalización da ficha técnica nos cambios de forma permanente.
Selección de técnicas en función da análise previa: vantaxes e inconvenientes.

4.4.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
4	Aplicación de protocolos nos procesos de ondulación permanente	50

4.4.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA4 - Aplica protocolos de ondulación permanente, identificando os métodos de redución, enrolamento e neutralización do cabelo.	SI

4.4.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA4.1 Comprobase o estado do cabelo.
CA4.2 Realizáronse as técnicas de hixiene previas á ondulación permanente.
CA4.3 Seleccionáronse os cosméticos e os utensilios en función da análise previa.
CA4.4 Realizouse a repartición do cabelo en función da montaxe seleccionada.
CA4.5 Realizouse o enrolamento do cabelo sobre os moldes segundo a secuencia establecida.
CA4.6 Verificouse a montaxe dos moldes.
CA4.7 Aplicáronse os líquidos redutores na fase de saturación.
CA4.8 Controlouse a evolución do proceso durante o tempo de exposición.
CA4.9 Aplicouse o neutralizante seguindo o procedemento establecido.
CA4.10 Realizáronse os axustes necesarios no proceso.
CA4.11 Aplicáronse normas de prevención, seguridade e protección ambiental estipuladas, durante o proceso de traballo.
CA4.12 Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.

4.4.e) Contidos

Contidos
<p>Criterio de selección de técnicas previas á ondulación. Procedemento de traballo. Precaucións. Repartición do cabelo segundo a técnica de montaxe.</p> <p>Técnicas de hixiene previas á ondulación permanente.</p> <p>Técnicas e tipos de enrolamento. Parámetros para a realización do enrolamento: zona de inicio, grosor e lonxitude da mecha, dirección, tracción, utensilios, etc. Secuencia e orde de realización.</p> <p>Técnicas de saturación: tipos (directa e indirecta) e criterio de selección; vantaxes e inconvenientes; precaucións.</p> <p>Técnica de neutralización: procedemento, fases, pautas de aplicación e criterio de selección; vantaxes e inconvenientes; precaucións.</p> <p>Variables que determinan o proceso de ondulación permanente.</p> <p>Control do proceso.</p> <p>Xestión de residuos.</p>

4.5.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
5	Aplicación de protocolos de alisamento permanente	25

4.5.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA5 - Aplica protocolos de alisamento ou desrizamento permanente e identifica as fases do proceso.	SI

4.5.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA5.1 Establecéronse parámetros para a realización de desrizamentos ou alisamentos do cabelo.
CA5.2 Determinouse a técnica de aplicación, segundo as características do cabelo.

Criterios de avaliación
CA5.3 Realizáronse as técnicas de hixiene previas ao proceso de desrizamento permanente.
CA5.4 Seleccionáronse os cosméticos e os accesorios necesarios para a aplicación da técnica.
CA5.5 Aplicáronse os líquidos redutores para o alisamento permanente.
CA5.6 Controlouse a evolución do proceso durante o tempo de exposición.
CA5.7 Aplicouse o neutralizante seguindo o procedemento establecido.
CA5.8 Realizáronse os axustes necesarios no proceso.
CA5.9 Aplicáronse normas de prevención, seguridade e protección ambiental estipuladas, durante o proceso de traballo.
CA5.10 Determináronse os coidados posteriores ao desrizamento.
CA5.11 Identificáronse tendencias e novos produtos de desrizamento e alisamento.
CA5.12 Aplicáronse normas para a xestión dos residuos xerados.

4.5.e) Contidos

Contidos
Alisamento e desrizamento permanente: mecanismo de acción, efectos, indicacións e incompatibilidades. Criterio de selección de cosméticos segundo a súa forma cosmética.
Técnicas de hixiene previas ao desrizamento ou alisamento permanente.
Técnicas de aplicación do redutor: procedemento, fases e pautas de realización; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
Técnica de neutralización: procedemento, fases e pautas de realización; vantaxes e inconvenientes; precaucións.
Control do proceso.
Xestión de residuos.

4.6.a) Identificación da unidade didáctica

N.º	Título da UD	Duración
6	Control de calidade nos procesos de cambio de forma permanente	5

4.6.b) Resultados de aprendizaxe do currículo que se tratan

Resultado de aprendizaxe do currículo	Completo
RA6 - Analiza os parámetros que definen a calidade nos procesos de cambio de forma permanente, controlando os aspectos que deban terse en conta na avaliación de resultados.	SI

4.6.d) Criterios de avaliación que se aplicarán para a verificación da consecución dos obxectivos por parte do alumnado

Criterios de avaliación
CA6.1 Determináronse os factores que afecten o resultado.
CA6.2 Relaciónáronse os erros máis frecuentes na realización coa fase en que se produciran.
CA6.3 Propuxéronse medidas para adecuar os resultados obtidos aos esperados e para mellorar a prestación do servizo.
CA6.4 Aplicáronse medidas para avaliar a satisfacción da persoa usuaria.
CA6.5 Adoptáronse medidas de resolución das desviacións producidas no desenvolvemento da actividade.
CA6.6 Seguiuuse o protocolo de actuación en casos de irritacións e alerxias.

4.6.e) Contidos

Contidos
Factores mecánicos, químicos e térmicos que afectan o resultado na ondulación permanente.
Técnicas para avaliar o grao de satisfacción da persoa usuaria.
Análise das desviacións producidas no proceso de cambio de forma permanente: control do rizo, volume e estado do cabelo.
Asesoramento profesional e propostas doutros tratamentos.

5. Mínimos exigibles para alcanzar a avaliación positiva e os criterios de cualificación

MÍNIMOS ESIXIBIBES :

- Coñecer as transformacións do cabelo mediante procedementos físico-químicos.
- Aplicar os cosméticos e manexar as ferramentas empregadas nos cambios de forma permanente.
- Coñecer as técnicas e o proceso físico da ondulación permanente .
- Personalización do proceso.
- Útiles, ferramentas e aparellos para os cambios de forma.
- Preparación do lugar de traballo, do profesional e da persoa usuaria.
- Fases previas.
- Protocolos de ondulación permanente e desrizado.
- Valoración dos resultados nos procesos dos cambios de forma.
- Execución do proceso.
- Evaluación do proceso.

PROBAS PRÁCTICAS E TRABALLOS NA AULA-TALLER

Como norma xeral, os alumnos deben traer modelos e atender aos modelos que acuden o taller aínda que non sexan coñecidos ou familiares, pois é necesario que se acostumbren a tratar á clientela, xa que así se vai a desenvolver o seu traballo no futuro. Inicialmente traballarán entre eles en pequenos grupos, despois farán tamén traballos en modelos alleos ao taller. Cada alumno traerá todos os días o seu equipo de traballo en perfecto estado de conservación e hixiene.

Será necesario para aprobar o módulo, é dicir, acadar unha nota de 5, a realización dunha serie de traballos mínimos, que serán comunicados ao longo de cada trimestre, en función do número de sesións e do tempo necesario para realízalos e da evolución dos alumnos. As primeiras sesións das actividades prácticas, dedicaránse a familiarizarse cos utensilios, produtos, e protocolos necesarios para facer os traballos, a partir de ahí, comunicaráselle aos alumnos os traballos mínimos para acadar o 5 e o tempo que teñen para realízalos.

Para subir esa nota será necesario a realización de máis traballos nas condicións que determinará o profesor, (en modelo real, alleo ao salón, compañeiro/a de clase, manequín, traballos escritos etc) Podendo acadar así o alumno/a una nota de 10.

PROBAS TEÓRICAS

Todos os traballos valoraranse do 0 a 10. O examen escrito consistirá, por norma xeral, nun formato de un mínimo de 20 a un máximo de 50 preguntas de resposta pechada, baixo formato de elección múltiple, nas que só unha opción é correcta e as restantes consideráanse erróneas e restarán a nota, en cada exame indícarase o valor de cada acerto e de cada erro. Poderase valorar facer un examen de desenrolo, do tipo de



resposta construída si se considera oportuno. Tamén se poderán realizar traballos elaborados polo alumnado, de maneira individual ou en grupo, e que poderán ser escritos, ou escritos con exposición oral

OS PORCENTAXES COS QUE SE FORMA A NOTA FINAL

Obterase en función dos pesos dos CA avaliados, especificados en cada unidade. Hai CA de contido teórico que se avalían mediante proba escrita (parte teórica) e outros de contidos prácticos que se avalían coas táboas de observación, (parte práctica) é necesario acadar un 5 en cada unha das partes para aprobar. Será necesario superar os CA vinculados aos mínimos exisibles para aprobar.

Será imprescindible ter un 5 en cada unha das partes (práctica e teórica) para facer media.

CASO DE NON PRESENTARSE A UN EXAME OU PROBA

Se un alumno non se presenta (sin causa xustificada) a unha proba ou exame, obterá como cualificación na mesma un suspenso. Esta proba (teórica ou práctica) só se lle repetirá, no caso de enfermidade sobrevida e con xustificante médico.

Caso de non presentar en prazo un traballo: Se un alumno nunha avaliación non presenta un traballo no prazo establecido, contará como non presentado, se é obrigatorio para aprobar, suspenderá a avaliación. O alumno terá que entregar o traballo, se é requisito obrigatorio, aínda que sexa fora de prazo, e teráselle en conta para a recuperación da avaliación, a entrega do traballo será requisito indispensable para poder recuperala.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

Serán os descritos nos apartados correspondentes nos criterios de avaliación refléctidos nas unidades didácticas anteriormente desenroladas.

Cada avaliación constará dunha proba escrita, e exercicios prácticos. Para acadar unha avaliación positiva, o alumnado deberá obter un mínimo de 5 sobre 10 en cada unha das probas, e exercicios diarios na aula-taller, así como superar cada trimestre.

O alumnado que non faga algunha das partes e probas exisidas, e non obteña un mínimo de 5, non poderá acadar o aprobado, e terá que facer as respectivas recuperacións según as indicacións por parte do docente.

Valorarase positivamente: a creatividade, a coherencia, o emprego da linguaxe técnica etc...

Valorarase negativamente: non manter o material en bo uso, non hixienizar os útiles e materiais empregados no proceso, non manter a hixiene postural como o espazo de traballo limpo.

A avaliación do alumnado será continua, co fin de detectar as dificultades cando se produzan, investiga-las causas das mesmas e adoptalas medidas de corrección que se estimen oportunas.

A cualificación final é o compendio da avaliación continua ao longo do curso, terase en conta todo o que fai o alumnado desde o comezo do curso, valorándose positivamente o proceso ascendente na consecución dos obxetivos.

Considerarase que un alumna/o supera o módulo cando aproba cada unha das avaliacións.

Considerase especialmente a evolución positiva que experimente o alumnado dende a avaliación inicial ata o final do curso.

PARTE PRÁCTICA: as probas de tipo práctico contarán cun 70% da nota. Nelas incluírá os traballos realizados ao longo do curso. A nota mínima nestas probas para realizar a media co teórico será dun 5.

PARTE TEÓRICA: as probas de tipo teórico suporá o 30% da nota. A nota mínima desta proba para realizar a media co práctico será dun 5.

Todas as actividades desenvolvidas axustaranse ós seguinte parámetros:

-O alumnado traerá modelos reais sempre e cando se considere oportuno

- Traballar entre eles/as sempre que a profesora considere e a situación hixiénico sanitarias o permitan.
 - O alumnado traerá tódolos días o material necesario correspondente o módulo.
 - En cada trimestre esixiráselle ao alumnado as fichas técnicas completas de todos os servizos realizados, tanto en perrucas (maniquí), como casos reais.
- Para obter o aprobado na cualificación final, o alumnado deberá superar todas as partes así como cada trimestre.

6. Procedemento para a recuperación das partes non superadas

6.a) Procedemento para definir as actividades de recuperación

ACTIVIDADES DE RECUPERACIÓN DAS PARTES NON SUPERADAS:

Ó alumnado que non supere algunha avaliación total ou parcialmente, daránselle as orientacións e apoios necesarios para intentar superala, tendo en conta para iso os contidos mínimos esixibles e os seus criterios de avaliación asociados. De todas as probas que se suspendan, estableceranse actividades de recuperación ó longo da avaliación seguinte.

Estas actividades consistirán en repetir aqueles exercicios non superados en calquera das avaliacións, e dicir, examen teórico das partes non superadas, e exercicios prácticos que se impartiron en cada un delas. Neste último apartado, o alumnado realizará os procesos de cambios de forma permanente das partes non superadas e que o docente considere oportuno.

As actividades de recuperación, reforzo e fundamento ao longo do curso levaranse a cabo do seguinte xeito:

Estas actividades poden consistir, segundo a natureza dos conceptos, coñecementos e as capacidades implicadas en: resolución de cuestionarios, análise e solución de problemas e casos, traballos prácticos, informes. realización de estudos e exposicións, etc...

O profesor se é o caso poderá pedirlle aos alumnos que traigan modelos reais para a realización dos exames prácticos así como o seu material en perfectas condicións hixienicas.

A porcentaxe será a mesma que para aprobar na avaliación ordinaria 70% práctica 30% teoría , e a nota final será 5, tanto para nota 5 como para notas superiores. É obrigatorio ter un 5 en cada unha das partes(teórica e práctica) para facer media.

MÓDULO NON SUPERADO:

O alumno/a pasa de curso co módulo pendente , elaborárase un informe individualizado que conterá información suficiente sobre os resultados de aprendizaxe non alcanzados, para que se teña en conta na súa posterior aprendizaxe . O alumnado será informado das actividades programadas para a súa recuperación, así como do período da súa realización , temporalización e data en que será avaliado. A avaliación deste módulo pendente de 1º curso levarase a cabo coa avaliación final ordinaria de 2ª curso.

**6.b) Procedemento para definir a proba de avaliación extraordinaria para o alumnado con perda de dereito a avaliación continua**

Os alumnos que perdan o dereito a avaliación continua (superen o 10% faltas de asistencia) terán unha proba extraordinaria previa a F.C.T

Será unha proba teórica-práctica dos contidos expostos nas unidades descritas anteriormente.

A duración das probas así como o día das mesmas, avisarase con tempo no taboleiro do instituto.

CRITERIOS DE AVALIACIÓN DA PROBA EXTRAORDINARIA

-Proba escrita 30%(formato elección múltiple e resposta pechada, de desenrolo, ou unha combinación de ambas)

-Proba práctica 70%(poderá ter parte escrita onde explique os procedementos que vai a realizar, quedando así constancia escrita dos pasos que vai a realizar) O/a alumno/a deberá traer un/unha ou varias/os modelos para poder realiza-la proba e o material necesario. Imprescindible acadar un 5 de nota en cada unha das partes, teórica e practica, para facer media e aprobar o módulo)

Duración: Proba escrita: 1 hora; Proba práctica: 3 horas

Para acadar unha avaliación positiva deberá obter un mínimo de 5 puntos sobre 10 en cada unha das probas.

Valorarase o grado de coñecemento dos contidos mínimos esixidos, a iniciativa, creatividade na resolución dos problemas, así como as normas de protección e hixiene por parte do alumno/a.

Contido das probas:

-Resolución de cuestións teóricas.

-Resolución de traballos prácticos propios do módulo.

7. Procedemento sobre o seguimento da programación e a avaliación da propia práctica docente

AVALIACION E SEGUIMENTO DA PROGRAMACIÓN

A presente programación avaliarase mediante o procedemento establecido polo control do sistema de calidade establecido no centro. Dito control realizase principalmente por medio do cumprimento dos seguintes documentos:

- Actividades de aula desenvolvidas, que recolle a información sistemática sobre as actividades docentes realizadas polo profesor e emitida polo mesmo, para realizar un autocontrol de ditas actividades.
- Recollida de datos para a xunta de avaliación, que recolle as conformidades/non conformidades e as actuacións derivadas das non conformidades referentes ó alumnado (suspensos) e cumprimento da programación.
- Memoria fin de curso, na que, entre outros temas, trátase da porcentaxe da programación impartida, a realización de modificacións na mesma e as propostas de mellora para o seguinte curso académico.
- Ademáis, en reunión de departamento, o longo do curso, realizarase o seguimento e control da programación, tomando as medidas oportunas se é o caso.

O final do curso tamén se lles dará ao alumnado, un cuestionario de respostas sinxelas e de forma anónima, para que eles mesmos valoren o desenvolvemento da programación, a actuación do profesor/a, e, en xeral, o desenrolo do módulo no curso académico, para solucionar problemas e dificultades cara o curso seguinte.

8. Medidas de atención á diversidade

8.a) Procedemento para a realización da avaliación inicial

Ao comezo das actividades do curso académico, o equipo docente realizará unha sesión de avaliación inicial do alumnado, que terá por obxecto coñecer as características e a formación previa de cada alumno/a, así como as súas capacidades.

Realizaranse uns cuestionarios ao alumnado co fin de indagar nos coñecementos que teñen a nivel xeral.

Observaranse na aula e no taller as súas actitudes e aptitudes nas primeiras semanas do curso.

Posteriormente xuntarase o equipo docente para a posta en común das informacións acadadas de cada alumna/o, e facer posible a avaliación inicial.

Dada a diversidade de alumnado que accede aos ciclos formativos, se traballará os contidos segundo as necesidades do momento, do grupo e do alumno/a en particular.

Así mesmo, deberá servir para orientar e situar o alumnado en relación co perfil profesional correspondente.

Nesta sesión, o profesor/a que se encarguen da titoría darán a información dispoñible sobre as características xerais do grupo ou sobre as circunstancias especificamente académicas ou persoais, con incidencia educativa, de cantos alumnos/as o compoñan.

O tratado na sesión de avaliación inicial e os acordos que adopte o equipo docente nela recolleranse nunha acta, da cal se entregará copia na xefatura de estudos, incluíndo especialmente aqueles que teñan que ver con aspectos de flexibilización na duración das ensinanzas. Esta avaliación inicial en ningún caso comportará cualificación para o alumnado.

8.b) Medidas de reforzo educativo para o alumnado que non responda globalmente aos obxectivos programados

Dentro do grupo pode haber alumnos/as que non acadan os obxectivos das actividades ou, polo contrario, que alcanzan sobradamente os obxectivos previstos. En ambos casos expóñanse alternativas.

-Unha actividade común para todo o alumnado con fin de asimilar os contidos mínimos.

-Unha máis complexa para o alumnado que acade os obxectivos previstos onde se afofunde nos coñecementos adquiridos.

-Unha máis sinxela, cunha metodoloxía distinta e máis secuenciada, para que aquel alumnado que non acadara os mínimos, e non sexa capaz de chegar por outro camiño ós fins propostos.

- Seguimento máis preto do profesor/a do alumnado con dificultades para acadar os obxectivos.

- No caso de detectar alumnos con necesidades especiais, discapacidades físicas, psíquicas, sensoriais, alumnado con dificultades de idioma..., indícarase unha adaptación en unidades formativas:

O equipo de orientación, o titor e o mesmo profesor elaborarán a correspondente adaptación curricular.

- Para o alumnado que non supere o módulo, ademais das medidas anteriormente expostas, realizaranse probas orais ou/e escritas, xunto coa realización dalgunha das actividades das unidades de traballo nas que non se acadaran os obxectivos previstos, no mes de xuño.

9. Aspectos transversais

9.a) Programación da educación en valores

A educación en valores debe de estar presente ó longo de todo o curso. A actuación docente non so debe consistir en ensinar conceptos, senón que tamén irán encamiñadas a fomentar actitudes nos alumnos/as de respecto, tolerancia coas persoas cas que se relacione.

As nosas condutas son a manifestación dos nosos valores, de ahí a importancia de comezar desde moi temprana idade a educar en valores, de acordó con isto, trataranse de forma transversal os seguintes valores:

Educación para a convivencia.

Educación para a igualdade de oportunidades para ambos sexos.

Educación para a paz, a través da tolerancia e do rexeito á violencia.

O respecto a autonomía dos demais.

O diálogo como forma de solucionar as diferencias.

Educación para a saúde.

9.b) Actividades complementarias e extraescolares

- Seguimento das novas publicacións, como libros, vídeos, revistas, etc.
- .- Visitas a museos, exposicións, feiras, congresos, etc. de tipo profesional e cultural.
- .- Elaboración de material didáctico en ordenador, debuxos, fotografías, maquetas, posters, etc.
- .- Realizar cursos de actualización profesional por parte dalgunha casa comercial.
- .- Visitas a balnearios, fábricas de cosméticos, etc.
- .- Charlas sobre dietética, nutrición, bulimia, anorexia por profesionais.

10.Outros apartados

10.1) Adaptación Covid-programación

PROTOCOLO DE ADAPTACIÓN AO CONTEXTO DA COVID-19

Durante o curso 2023-2024 non haberá un protocolo específico de adaptación ao contexto da Covid-19 no ámbito educativo. Non obstante, será preciso manter unha serie de recomendacións:

1. Ventilación de espazos.
2. Hixiene de mans e hixiene respiratoria
3. A máscara non será de uso obrigatorio excepto no transporte escolar. Será recomendable no caso de persoas con criterios de vulnerabilidade ou que presenten síntomas compatibles coa Covid -19.
4. Actuación ante síntomas compatibles e casos positivos de Covid-19

Se unha persoa presenta síntomas compatibles coa Covid-19 non precisa illamento pero deberá utilizar máscara e manter una hixiene de mans e respiratoria axeitada. Tamén evitará a interacción con persoas vulnerables. En calquera caso, se a sintomatoloxía lle impide asistir con normalidade ao centro, non acudirá, como no caso de calquera outra enfermidade común.